

Contas económicas trimestrais. Terceiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

A economía galega rexistra un crecemento intertrimestral do 0,1% no terceiro trimestre de 2010.

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2010 rexistrou un crecemento de seis décimas con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supera en 0,6 puntos o crecemento observado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego no terceiro trimestre do ano é superior ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (0,2%).


Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,1%, 0,3 puntos inferior ao crecemento do trimestre anterior e unha décima superior ao nacional.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2009				2010		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Variación interanual	-2,4	-3,4	-3,6	-2,6	-1,2	0,0	0,6
Variación intertrimestral	-1,3	-0,8	-0,5	0,0	0,2	0,4	0,1


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No terceiro trimestre de 2010, a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -2,2 puntos porcentuais, a mesma que no trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,6%, igual ao rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital rexistra unha taxa de variación igual que no primeiro trimestre, un -6,0%. A contribución do sector exterior é de 2,8 puntos porcentuais, 0,6 puntos máis que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009		2010		
			Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	1,3	-0,6	0,0	-1,8	-1,2	-0,6	-0,6
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	0,1	-2,3	-1,8	-2,3	-1,5	-0,9	-1,1
-Gasto en consumo final das AAPP	5,1	4,7	5,5	-0,5	-0,2	0,0	0,6
Formación bruta de capital	-5,8	-10,0	-10,5	-3,6	-4,5	-6,0	-6,0
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	-0,8	-3,5	-3,1	-2,5	-2,2	-2,2	-2,2
Exportacións de bens e servizos	-5,7	-11,3	-9,6	7,1	18,4	13,1	5,9
Importacións de bens e servizos	-8,3	-10,2	-7,5	6,2	13,2	6,6	0,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,7	-3,0	-3,6	-2,6	-1,2	0,0	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,1% no terceiro trimestre de 2010, dúas décimas superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible; en termos intertrimestrais produciuse un

retroceso de tres décimas, debido ao efecto adverso producido pola caída das adquisicións de automóviles e de outros bens duradeiros, estas caídas estiveron motivadas pola redución das axudas no primeiro caso e polo posible adiamento do gasto ante a suba do IVE no segundo caso. Os principais indicadores de consumo amosan un comportamento similar ao do agregado: o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no terceiro trimestre de 2010 unha taxa interanual inferior á rexistrada no trimestre anterior, as matriculacións de turismos manifestan neste trimestre taxas interanuais moi inferiores ás taxas do trimestre precedente. En cambio, o índice de confianza do consumidor presenta neste trimestre unha mellora respecto ao segundo trimestre de 2010 de 3,7 puntos.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas creceu 0,6 puntos con respecto á taxa observada no trimestre anterior quedando no 0,6%, moi inferior aos crecementos superiores ao 4% de anos anteriores.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída igual ao do trimestre anterior, descendeu un 6,0% neste trimestre. A produción industrial de bens de equipo e a inversión residencial presentan caídas inferiores ás do trimestre anterior. En cambio, a importación de bens de equipo e a matriculación de vehículos de carga acadan descensos superiores aos rexistrados no segundo trimestre de 2010.

Como xa se comentou anteriormente, no terceiro trimestre de 2010 a achega da demanda externa neta foi de 2,8 puntos, 0,6 puntos superior á contribución do trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 5,9%, minorando 7,2 puntos o crecemento do trimestre precedente. O gasto dos non residentes neste trimestre mantén taxas superiores ao 15%, e as exportacións de bens e servizos fóra da nosa Comunidade diminúen o seu ritmo de crecemento. Pola súa parte, as importacións creceron un 0,3%, o que supón un descenso de 6,3 puntos con respecto ao crecemento do trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no terceiro trimestre de 2010 os crecementos interanuais son positivos no sector primario, nas ramas enerxéticas e nos servizos. En sentido contrario, as ramas industriais e a construción rexistran un crecemento negativo, as primeiras volven a taxas negativas logo de dous trimestres de crecemento. A construción continúa cun elevado descenso con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009		2010		
			Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-6,4	-2,1	-4,2	-4,3	-2,7	2,4	5,2
Ramas enerxéticas	-9,6	-3,2	-6,2	-0,1	8,9	-1,4	1,2
Ramas industriais	1,7	-13,7	-12,2	-5,2	0,6	4,3	-0,1
Construción	0,2	-5,6	-7,1	-5,8	-5,8	-6,2	-5,0
Ramas dos servizos	3,3	0,0	-0,8	-1,2	-0,9	0,1	1,3
- Servizos de mercado	2,9	-1,4	-2,1	-2,6	-1,1	0,5	1,3
- Servizos non de mercado	4,7	4,4	3,4	2,8	-0,2	-1,0	1,1
Impostos netos sobre os produtos	1,0	-2,3	-2,5	-3,3	-2,1	1,3	1,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,7	-3,0	-3,6	-2,6	-1,2	0,0	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria e pesqueira presentan un crecemento do 5,2%, o leve descenso en termos de volume do sector pesqueiro é contrarrestado polo forte crecemento do sector agrario.

As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 1,2%, 2,6 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior en 4,4 puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do -0,1%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -5,0%, 1,2 puntos inferior ao descenso rexistrado no trimestre anterior. Tanto a edificación residencial como a non residencial, que no último trimestre de 2009 parece que chegaron a un mínimo de descenso interanual, melloran o dato do trimestre anterior. A obra civil aumenta as xa elevadas taxas de crecemento negativas do trimestre anterior.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 1,3%, o que implica un crecemento 1,2 puntos superior ao do trimestre precedente. Os servizos de mercado melloran oito décimas a súa taxa interanual acadando un crecemento do 1,3%. Os servizos non de mercado creceron un 1,1%.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no terceiro trimestre deste ano un 2,5%, o que supuxo a destrución de 27.700 postos de traballo equivalentes nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2008	2009	2010				
			Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-3,9	-0,4	-2,9	-0,1	-0,5	0,3	-2,0
Ramas enerxéticas	-2,2	-4,6	-4,9	-2,9	-1,0	1,4	1,9
Ramas industriais	-1,0	-8,8	-9,4	-8,3	-8,4	-7,4	-6,3
Construción	-5,5	-14,4	-14,6	-13,3	-10,4	-8,2	-6,9
Ramas dos servizos	2,3	-1,2	-2,5	-2,3	-2,8	-1,9	-1,0
- Servizos de mercado	1,9	-2,3	-4,0	-4,0	-4,0	-3,3	-2,3
- Servizos non de mercado	3,2	1,2	0,8	1,4	0,1	1,3	1,6
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	0,2	-3,9	-5,0	-4,3	-4,2	-3,1	-2,5

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensoes prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; o sector primario descende un 2% e as de servizos non de mercado e as enerxéticas presentan crecementos superiores ao 1%.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do -2,0% no terceiro trimestre do ano, a construción acada un decrecemento do 6,9%, 1,3 puntos menos que no trimestre anterior, as ramas industriais rexistran unha taxa do -6,3%, 1,1 puntos superior á do trimestre precedente e as enerxéticas creceron un 1,9%.

Os servizos de mercado minoran o seu descenso en 1 punto, quedando situada a taxa no -2,3%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,6%, tres décimas superior ao crecemento do trimestre anterior.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2008	2009	2010				
			Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	4,0	5,0	-1,4	-0,2	-12,8	-6,4	-6,1
Ramas enerxéticas	-2,1	-3,4	-3,6	-1,7	-1,8	0,7	1,2
Ramas industriais	-1,4	-9,5	-10,4	-9,0	-7,2	-5,9	-4,7
Construción	-5,9	-16,8	-17,1	-15,7	-11,7	-9,4	-8,0
Ramas dos servizos	1,4	-0,8	-2,1	-2,0	-1,7	-1,0	-0,3
- Servizos de mercado	0,4	-1,8	-3,7	-3,8	-2,7	-2,3	-1,4
- Servizos non de mercado	3,2	1,2	0,8	1,4	0,1	1,3	1,6
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	0,0	-4,0	-5,3	-4,7	-4,2	-2,9	-2,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -2,1%, dato que supón unha diminución de 19.467 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste trimestre no 3,2%, unha décima menos que a variación rexistrada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no terceiro trimestre de 2010 un crecemento interanual do 2,5%, cinco décimas superior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 1,9%, unha décima inferior á do trimestre anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009		2010		
			Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	4,7	-0,9	-1,1	-1,0	-0,7	1,4	1,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,5	-3,3	-3,1	-2,4	-1,3	1,8	1,4
-Gasto en consumo final das AAPP	8,5	6,0	5,1	3,0	0,8	0,4	0,4
Formación bruta de capital	-3,1	-9,3	-10,2	-3,5	-2,3	-0,9	-1,5
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	2,8	-3,6	-3,9	-1,8	-1,2	0,9	0,6
Exportacións de bens e servizos	-3,1	-13,6	-12,5	4,0	14,1	11,6	2,8
Importacións de bens e servizos	-4,2	-13,1	-11,4	3,4	10,1	7,4	-0,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	-2,5	-3,4	-1,8	-0,5	2,0	2,5
Ramas agraria e pesqueira	-6,2	-4,9	-4,8	-3,6	-0,8	1,5	5,9
Ramas enerxéticas	-7,0	-2,1	-8,6	-0,2	14,9	-0,4	1,9
Ramas industriais	6,8	-13,5	-13,4	-5,5	-1,6	4,6	1,2
Construción	4,2	-6,5	-9,4	-6,7	-6,4	-7,3	-6,2
Ramas dos servizos	7,2	2,9	1,9	1,1	0,1	1,2	1,8
- Servizos de mercado	6,8	1,6	0,3	0,1	-0,3	1,9	2,9
- Servizos non de mercado	8,4	7,1	6,9	4,3	1,4	-0,9	-1,4
Impostos netos sobre os produtos	-10,7	-14,1	-12,2	-10,8	-1,3	20,7	21,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.isp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>